



P.O. *[Firma]*

**DECRETO**

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por acordo da Xunta de Goberno do 09.12.2022, apróbase a convocatoria e as bases específicas para a creación dunha listaxe de emprego temporal de ATS/DUE para prestar servizos de carácter temporal na Deputación de Lugo (BOP núm. 288, do 19.12.2022).

As bases xerais que rexen a convocatoria son as que establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes) publicadas no BOP núm. 079, do 06.04.2020 e corrección de erros BOP núm. 161, do 15.07.2020.

As cualificacións finais e a proposta do Tribunal coa orde da listaxe publicouse na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade o 27.04.2023.

A vista do resultado do proceso selectivo, o Tribunal formula proposta ante a presidencia da entidade para que aprrobe a creación da listaxe de emprego temporal de ATS/DUE da Deputación Provincial de Lugo, segundo os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos con carácter temporal na dita entidade.

Á vista do sinalado propónse á presidencia que, de conformidade co artigo 7 do RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección do persoal funcionario da Administración Local, e co establecido no punto 10 e 11 das bases xerais que rexen esta convocatoria e, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, RESOLVA:

1º.- Dar por rematado o procedemento selectivo para a creación da listaxe de emprego temporal de ATS/DUE, grupo A – subgrupo A2, aprobando a inclusión das persoas aspirantes propostas polo Tribunal que a continuación se sinala:

Nº ORDE	APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN FINAL
1	DÍAZ VILLVERDE, ELOY	49,000
2	ULLOA MÉNDEZ, MARTA	45,400
3	BARRIO PRADO, MARÍA BELÉN	37,390
4	SOLLOSO FERNÁNDEZ, AVELINA	36,800
5	FRAGA GAYOSO, JOSÉ	28,294

2º.- Ordenar que a incorporación de efectivos sexa realizada seguindo os criterios establecidos nas resolucións da presidencia do 29 de setembro de 2009 (BOP núm. 231, do 8.10.2009), 16 de decembro de 2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14 de

	IV7OSWL2HNG3R77SZUPWKT2R64	Fecha y Hora	04/05/2023 00:14:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSWL2HNG3R77SZUPWKT2R64">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSWL2HNG3R77SZUPWKT2R64</a>	Página	1/2



febreiro de 2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019), nas que se establecen os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal temporal na Deputación de Lugo, así como o sinalado na base xeral 12.

3º.- Esta listaxe terá efectividade dende o día seguinte á publicación da presente resolución na web corporativa da Deputación de Lugo”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

**O PRESIDENTE,**  
P.D. Decreto de data 26-07-2019  
**O DEPUTADO PROVINCIAL,**


**O SECRETARIO,**

Asdo: Pablo Rivera Capón

O presente documento estará  
exposto no Taboieiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 04-05-2023  
ata a día 20-05-2023  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.D.



	IV7OSWL2HNG3R77SZUPWKT2R64	Fecha y Hora	04/05/2023 00:14:48	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)			
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)			
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSWL2HNG3R77SZUPWKT2R64">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSWL2HNG3R77SZUPWKT2R64</a>	Página	2/2	